



UNHA VOLTA POLO XURÉS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 130 km

Dificultade: baixa

Duración: 1 xornada (mínimo)



O Xurés é un amplo espazo no sur de Ourense, na raia de Portugal, que forma parte dun gran parque transfronteirizo (Xurés-Geres) no que podemos atopar paisaxes impresionantes, formas de grande interese xeolóxico (penedías, vales glaciares, fervenzas, surxencias termais...) unha gran biodiversidade, con especies pouco comúns, e variedade de mostras etnográficas e restos arqueolóxicos romanos e prerromanos.

O Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés abrangue terreos dos concellos de Entrimo, Lobios, e Muíños. O LIC inclúe, ademais dos terreos do parque natural, a Serra da Pena e a Serra do Leboeiro nos concellos de Bande, Calvos de Randín, Lobeira, Padrenda, Quintela de Leirado e Vereia.


A maior parte da superficie é terreo de montaña no que se practica o pastoreo e arredor dos asentamentos humanos as terras están adicadas á agricultura.

O río principal é o Limia, retido nos encoros das Cunchas e Lindoso, que recibe numerosos afluentes que baixan das serras que o rodean (o máis importante é o Salas)

As características climáticas da zona, de transición entre a zona atlántica e a mediterránea, xunto coas diferencias de altitude entre os cumios e os vales da lugar a unha ampla variedade de ecosistemas de gran riqueza biolóxica. Dada a amplitude do espazo é imposible coñecerlo nun día e, ao ser terreo de montaña, e protexido nunha gran parte, hai que percorrelo a pé. Propoñemos un primeiro achegamento que se pode facer nun día, de forma rápida, ou de vagar en varias etapas completándoo con algunha das numerosas rutas indicadas.



Vista dos cumes do Xurés desde os montes de Olelas.



Vista dos cumes do Xurés desde o mirador de Entrimo. A Serra do Xurés destaca pola súas paisaxes graníticas de cumes irregulares e agrestes, en contraste coas dos arredores, de contornos máis suaves. A máxima altura é o alto dos Cabrois con 1.520 m.

COMO CHEGAR:

Tomamos como punto de partida Bande, onde podemos visitar O Baño surxencia termal a carón do encoro das Conchas, onde se pode ver tamén o acampamento romano de Aquis Querquernis (1), e a capela visigótica de Santa Comba (século VII). Continuando pola estrada que vai a Portugal chegamos á ponte que cruza o Limia e, xusto antes de cruzala, facemos un pequeno desvío para ver unha das poucas zonas onde non está encorado e forma un espectacular canón coñecido como Os Infernos onde se poden ver varias fervezas (2). Seguimos logo ata Entrimo, alí collemos a estrada que vai a Queguas; no camiño atopamos un miradoiro que nos permite contemplar toda a serra do Xurés e facernos unha idea xeral da magnitude do espazo (3).

Volvemos a Entrimo e collemos o desvío a Olelas; polo camiño contemplamos amplas vistas das serras. Olelas está ao pé dos montes do Quinxo, desde alí poderíamos achegarnos ao río Castro Leboreiro no que hai fermosos recunchos e varias fervezas. Por todas partes atoparémonos coas vacas cachenas (4). Volvemos atrás ata Illa e Lantemil, cruzamos o encoro de Lindoso e seguimos ata Lobios. Desde alí, pola estrada que vai a Portela do Home, achegámonos a Río Caldo (Os Baños), onde hai unha calzada e unha vila termal romana. Seguindo pola estrada podemos ver a ferveza máis alta do Xurés (Corga da Fecha) e un grupo de Miliarios romanos (5). Volvemos a Lobios, onde podemos visitar o centro de información do Parque Natural, e collemos a estrada que vai a Cela. Un pouco antes desta localidade cruzamos o río Mao, onde hai unhas fermosas fervezas e pozas e unha boa vista dos cumes do Xurés (As Gralleiras). Continuamos ata Prado e Maus de Salas e desde alí rodeamos o encoro do Río Salas para ver os dolmes e espectaculares vistas dos Pitoes, nos cumes da serra (8). Volvemos a Maus de Salas e de alí a Muíños onde podemos ver un castiñeiro monumental e achegarnos ao encoro do Limia (9). De alí volvemos de Novo a Bande.



Serra de Santa Eufemia e encoro de Lindoso.



Montes do Quinxo en Olelas. As vacas cachenas son unha raza autóctona en perigo de extinción que se cría nesta zona. Son as vacas máis pequenas de Galicia, as femias non pasan dos 300 kg.



Casiña da Moura, un dos dolmes que se atopan na contorna do encoro do río Salas.



Vista da Corga da Fecha desde o mirador na estrada de Riocaldo a Portela do Homen.



O encoro de Salas cos Pitoes ao fondo.